

Concurso de cartas de amor- “CAN VALENTIN” de Radio Estrada

Tema: “AMOR, AMORES”

BASES:

Primeira. Poden participar no concurso todos/as nenos/as que estean matriculados/as no ensino primario ou secundario.

As persoas participantes deberán presentar un texto en prosa ou en verso. Deberán ser textos orixinais e inéditos, escritos en lingua galega. sobre o tema “amor ou amores”, cunha extensión non superior a 20 liñas. escritas á man polo/a autor/a

O texto pode tratar o amor en todas as súas facetas: o amor romántico, amor fraterno, amor á natureza, a amizades, solidario, a algunha inquietude, vocación, ... .

Segunda. Na cabeceira do texto débese incluír o pseudónimo do/a autor/a, o curso no que o/a alumno/a está matriculado/a, o centro ao que pertence, o enderezo e o número de teléfono.

Terceira. O/as nenos/as poden participar no concurso a través da presentación dos seus textos, por correo postal ou en man, no enderezo:

Radio Estrada

Avda. Benito Vigo, 94, baixo

36680 A Estrada, Pontevedra

Cuarta. O prazo de presentación de cartas de amor será abrirase o 25 de xaneiro de 2017 e pecharase o día 10 de febreiro de 2017.

Quinta. Establécense as seguintes categorías:

Categoría A. Alumando de 1º, 2º e 3º de primaria.

Categoría B. Alumando de 4º, 5º e 6º de primaria.

Categoría C. Alumando da ESO.

Categoría D. Alumando de bacharelato.

Concederanse premios ás tres primeiras persoas clasificadas en cada categoría. Os premios consisten en material escolar, material deportivo, doces e tarxetas agasallo de ACOE.

Sexta. O xurado do concurso de cartas de amor “CAN VALENTÍN” de Radio Estrada estará formado por Nieves Soutelo, Susana Aríns, Xosé Luna, Fernando Graña e Pere Tobaruela. Este xurado emitirá a súa decisión o 14 de febreiro do 2017.

A entrega de premios realizarase durante o programa “CAN DE TABERNA” do 18 de febreiro do 2017.

Sétima. Os textos premiados quedarán no poder da organización, que poderá publicalos se así o considera.

Oitava. A participación no concurso implica a aceptación e cumprimento destas normas.